DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO

GUÍA

Orientarse pola Ribeira Sacra

Viaxe ao interior

#baíaconnósnacasa

Gonzalo Xosé de Francisco da Rocha

BAÍA EDICIÓNS

#baíaconnósnacasa

Limiar

Sabe o verdadeiro viaxeiro que a viaxe nunca remata, que un parte para voltar a partir, que as cousas mudan no devalar do día e dos anos e tamén desde onde se miren. Todo é "*asegún*", como dicía don Vicente Risco. Ao ser humano pásalle igual. A mesma vida é andaina de aventuras e desventuras entre anxos e demos, entre luces e sombras, entre gargalladas e laios, camiño de algures ou ningures, atopándose cos demais e a un mesmo no micro e macro escenario do cosmos.

Víase lonxe a testa ergueita do Monte de San Mamede e máis aquí o Monte Medo, coa silueta dun can deitado, diría Otero Pedrayo. Na medida da andaina, pérdese esa forma e toma outras, muda coa luz do día, da neve, das estacións: de estar ouriverdimouro de toxos e uces, pasa a gris e dramaticamente a negro de loito. E xa no seu cimo como no colo da mesma terra para enxergar as ribeiras sacras...eses camiños.

Perdura a andaina: enxergar, nova viaxe polos pensamentos, facer memoria, ir e vir nas lembranzas, forman parte dun xeito de animar, de darlle forza á roda da mente, a fabulación e a vida. Entendido así até as cousas máis miúdas, as que están á sombra das catedrais, as torres e os monumentos, fanse grandes e infinitas, até mesturarse e confundirse as unhas coas outras. "*Cando se arrinca unha herba trema o universo*", diría Francisco de Asís.

Sabe o verdadeiro viaxeiro que para toda viaxe cómpre tino, deixarse levar polo sentido común e asesorarse previamente. Hoxe temos medios que non tiñan os nosos devanceiros, curtidos ante os medos, afeitos ás tebras da noite, as brétemas e ás treboadas, ás raxeiras do sol, á xeada... guiados por un sexto ou sétimo sentido que lles serve de orientación. Tempos onde non había máis camiños que seguir o leito dos grandes ríos. Desde antes da antigüidade, o Miño e o Sil conducíannos aos portos do norte ou ao corazón da meseta. Mámoas

Ubaracomonsnacasa

do Megalitismo, castros, asentamentos romanos, eremitorios paleocristiáns, mosteiros medievais... penedos nos outeiros, erguidos como faros, servían do orientación, barqueiros nos ríos, pousadas, atadores e meigas conselleiras... Antergo herdo, patrimonio material ou intanxíbel, proba dunha misión que humanizou a paisaxe con soutos inmensos, carballeiras, socalcos para as vides... adegas, aldeas, igrexarios erguendo as súas espadañas ao ceo.

Sabe o verdadeiro viaxeiro que denantes de iniciar o seu camiño debe asesorarse dos que saben. Ler mapas, aconsellar para asegurar e aproveitar mellor a andaina. Unha boa guía será a mellor compañeira nos momentos de acougo, para planificar futuro e adentrarse nun universo sempre inacabado de saber. A obra de Gonzalo Xosé de Francisco, á que lle tentamos poñer limiar e agora temos nas mans, asume o devandito, é un esforzo por comunicar, sensibilizar e contaxiar. Séguese aquí unha moi anterga tradición: precisamente por estes vieiros das ribeiras sacras, do "extremo occidente peninsular", puido formarse e partir Exería, esa muller que no século IV andou os camiños de medio oriente, visitando os Santos Lugares e deixando escrita memoria da súa "peregrinatio". Exería ("*egere*", a peregrina) significa a que vén de fóra, igual que "*per-egere*" significa andar camiños de fóra. E velaquí que seguimos nesa mesma ascese.

Sabe, pois, o verdadeiro viaxeiro que o camiño é ascese que nos leva do caos a procura do irradiante e calidoscópico cosmos. Xogo da oca, espiral que nos envolve unha especie de ansiado paraíso para confundirnos coas cosmogonías. O ser humano, no seu andar, vaise puíndo até facerse transparente. Detrás quedan as pegadas, as lembranzas, a memoria, os fantasmas que outros quizais descubrirán, mimarán ou destruirán para sempre.

E se non sabemos, intuímos sabiamente pola forza inmensa da tradición , que un dos espazos a coñecer nestes nosos confíns do *"Vello Mundo"*, no que os antergos situaban o "*Río do Letheo*" *ou "do esquecemento*" son as ribeiras sacras do Miño, do Sil, do Bibei... terras de vendima e castañeira, simbolicamente de viño e pan, que son "*produto da terra e do traballo do home*", dunha moi longa tradición que herdamos de romanos e dos frades bieitos do Císter. Terras sometidas aos foros, ao clero e aos fidalgos, as que sufriron abandono despois da exclaustración. Terras de emigrantes ás "Américas", tamén polos camiños de Europa, co derradeiro adeus familiar desde os "balcóns de Madrid" que miran aos canons do Sil, batendo na alma do camiñante

#BoaEdminSacras

emigrante. Terras de afiadores, de barquilleiros, os que detrás da roda andaron mundo e crearon para entenderse entre si o barallete. Lembro con nostalxia a pintura mural dun barquiño trazado en liñas en azul anil sobre o caleado da igrexa de Santa Cristina de Ribas de Sil: cos seus tres mastros, unhas velas infladas polo vento, o pendón, o mascarón, o reflexo na ría...seguramente un exvoto de emigrante do século XIX. Pero as intervencións restauradoras e o vandalismo anómico "*limparon*" de máis, retablos, imaxes e tamén esta inxenua pintura popular con fondo valor histórico e etnográfico.

Sabe o viaxeiro agradecer unha guía abondosa en datos de todo tipo, que saberá interpretar e contrastar na mesma viaxe. Vellas historias, contos, poemas, todo complementa a viaxe. Obra ben feita por un camiñante, por un humanista que quere dicir ten os pés pousados sobre o humus. Cousa que se descobre nestas páxinas e se agradece para estes tempos tan estereotipados en confeccións, en reducir a viaxe a unha mercadoría: "ruta de castros", "mosteiros", "castelos", "muíños"... Pois unha ruta é todo, a paisaxe, a veciñanza, o material, o inmaterial, son sabores, cheiros, cores, nubes, escampados, ventos... sensacións.... o que se fai e tamén o que se desfai. Enxergar significa meterse nas cousas; parte do animismo e do panteísmo, do herdo priscilianista, franciscano, interpretado por Otero Pedrayo, Cunqueiro, Novoneira, Manuel María... e que caracteriza a identidade dos galegos e galegas: comuñón coa paisaxe e o seu devalar. Internarse no arrecendo a mimosa na primavera, a esfarna no cumio do verán, a fume de borrelas no outono... o sabor dese viño amante, aveludado de Amandi, as anguías, os amendoados das bernardas de Pantón, a bica de Castro Caldelas... O tanxer dos badelos, repenique de festa e foguetes en Cadeiras, nas horas dun cabodano... un aturuxo que vén dos lameiros, o crotar dunha cegoña en Canabal, o tamborileo da chuvia nos teitos de lousa das adegas...

Gonzalo Xosé de Francisco da Rocha leva no corpo e na alma a ansia da viaxe que nunca acaba, coñece ben o "humus", interacción de paisaxe e veciñanza. Historiador nacido a carón do mar de Vigo e formado entre as torres e o chan de Compostela, auténtico humanista, con esa necesidade de subir aos montes, onde están os vellos altares e moitos misterios, de entender as cousas coa razón, pero tamén co corazón, para comunicalas, seducir e contaxiar, entender o turismo doutro xeito ao tópico comercial, como agradecida relación afectiva, complementado a historia coa paisaxe e a veciñanza. Non pode esque-

cerse aquilo que se sentiu fondamente. Algo moi de agradecer neste tempo de prefabricados e galiñeiros estereotipados e outros sanedríns endogámicos. Galiza sempre foi país aberto, que soubo dar e recibir, velaquí os camiños, marcados no chan e no ceo, os portos, os ríos...

E cando o viaxeiro xa non poida, quedaralle o universo das lembranzas, os libros...en todo caso acesa esa luz da esperanza que sempre hai detrás dos horizontes do océano, do mar, dos desertos, do ceo, do túnel...

Felipe-Senén

Carballiño, Marzo 2005

#baíaconnósnacasa

“Saber…”

Houbo un tempo en que o concepto de “turista” non tiña as connotacións que chegou a ter. Entón era o individuo quen realizaba un “tour” por un lugar escollido en función do seu interese. Un individuo nun tempo en que só unha minoría ilustrada se podía permitir eses dispendios. Resultaba habitual a viaxe a países exóticos, ou cando menos, á Europa meridional na que se conservaban certos exotismos que acabaron conformando o imaxinario orientalista de Occidente. Aquelas “tournées” eran preparadas con paixón por uns eruditos que querían completar a formación científica do investigado nos fríos libros das bibliotecas universitarias do seu norte coa viva experiencia *in situ*. Cargados espiritualmente coa bagaxe dos coñecementos dos textos, viaxaban dunha maneira intuitiva dentro da orde ditada pola erudición ao longo de semanas, e mesmo meses, nos que recollían en cadernos os máis diversos aspectos e impresións. Desde a grandiosidade do templo visitado até a rusticidade do casarío circundante con especial atención aos tipos humanos e vestimenta, aos oficios, á lingua e folclore, á flora, fauna, paisaxe e calquera outro aspecto que supuxesen coñecementos interesantes. A este espírito responderon as viaxes de Montesquieu por Europa, Goethe fascinado en Italia polo mundo clásico ou o máis próximo Frei Martiño Sarmiento interesado na realidade da terra que o viu nacer.

Esa maneira de viaxar desenvolvida no século XVIII polos ilustrados caracteriza un dos modos de coñecemento propios da occidentalizade desde que Marco Polo deambulara máis da metade da súa vida pola enormidade asiática para volver a Venecia e, desde a cadea a que foi sometido, redactar o *Libro das Marabillas*, de soado éxito na Europa do XIII, inzando o imaxinario colectivo de Occidente doutros mundos desexados. O “homo viator” na continua busca do paraíso colmado de felicidades. Levamos na cerna da nosa visión do mundo, a viaxe real ou imaxinaria de Ulises na *Odisea*. A viaxe concibida como símbolo

Ahriacomunicacions

da propia vida na que os acontecementos acumulan experiencias vivenciais que aprenden ao protagonista. No tránsito xurdía un "saber" que abranguía dúas dimensións. "Saber" como coñecementos verdadeiros de trazos asimilábeis ao coñecemento científico, caracterizado pola obxectividade racional e clasificadora nas taxonomías estabelecidas; pero tamén "saber" como sabor, é dicir, sensibilidade e emoción.

A presente guía da Ribeira Sacra quere responder a este espírito e, ao tempo, render unha homenaxe ás alcumadas "xeiras" –excursións culturais e científicas– da Xeración Nós, nos anos vinte e trinta do pasado século, nas que cada especialista elaboraba o estudo correspondente á súa disciplina cun afán erudito enchido do afecto á Terra. Así, na primeira parte recóllese a información que responde ao "saber" científico nos eidos da xeografía, a historia, a filosofía e arte do espazo escollido. A formación dos canóns, as particulares trazas climáticas e as consecuencias medioambientais; o fenómeno monástico no noroeste peninsular que deu lugar á importancia espiritual, social e económica do monaquismo en Galicia até tempos recentes; a experiencia mística como fenómeno humano universal e a súa expresión lírica e plástica naquel espazo orixinal completan unha visión xeral que pretende ser, basicamente, divulgativa sen renunciar ao rigor. A segunda parte responde ao "saber" como sabor, como sensibilidade e emoción. Unha dimensión que a teima polo "saber científico" erixido en certificado de autenticidade ten provocado consecuencias perniciosas. A particularidade de que o ámbito dos sentidos e da sensibilidade sexa, por principio intrínseco, mutábel no tempo e na intensidade produce que sexa erroneamente cualificado de "non científico" pola dificultade de procedemento do seu estudo e de estabelecemento de "lei cartesiana" comprobábel, repetíbel e mesmo augurábel. Polo tanto, o mundo do sensitivo resulta adxectivado de "non verdadeiro" por unha civilización que gusta da "verdade" sen reparar nas contradicións e limitacións do propio sistema cartesiano de coñecemento.

Esta guía pretende recuperar e primar esa dimensión sensitiva para equilibrar o mesmo concepto de "saber" engadindo pracer e gozo ao coñecemento ilustrado concluíndo nunha "sabedoría" de ambiguos e enriquecedores significados simbólicos. As rutas propostas son unha escolma froito dunha década de contacto intenso coa realidade física e espiritual da Ribeira Sacra e responden a ese criterio sensual da viaxe que se centra moito máis nos sentidos como propedéutica emocional de resultados individuais e intransferíbeis de complexa verbalización.

Abrigo comunicación

> “Actualmente só concedo importancia ás impresións dos sentidos, que nin os libros nin ningunha imaxe poden recoller. Significa para min volver tomar interese polo mundo, de probar o meu espírito de observación e de examinar até onde chega a miña sabedoría e os meus coñecementos e se a luz dos meus ollos é pura e clara. E agora que me vallo por min mesmo e fico na obriga de estar coa atención sobre todas as cousas, recoñezo en min unha elasticidade espiritual descoñecida”.

Así o expresaba o Goethe na súa “tournée” italiana. A viaxe ao espazo determinado resulta por ser unha viaxe ao interior nun proceso acumulativo das dúas concepcións, a racionalista e a sensualista que abrollan en gozo cognitivo confirmador de que a felicidade non depende dos lugares, senón dos estados de percepción. Ese quere ser o espírito da proposta e dos itinerarios seleccionados. Esta obra pretende responder a unha intención divulgadora deste espazo con fortes doses de transcendencia. Rafael Argullol nos seus ensaios de estética, sobradamente n’*Una educación sensorial. Historia personal del desnudo femenino en la pintura*, defende a necesidade dunha “escritura transversal”, entendida como aquela que non separa ideas de sensacións. Por iso nesta guía, alén da información necesaria, hai unha intención de provocar unha sensibilidade perceptiva máis aguda.

Foi o Padre Flórez na súa *España Sagrada* –de mediados do XVIII– quen divulgou con éxito o alcume de Ribeira Sacra, a partir da interpretación que frei Antonio de Yepes escribe –a principios do XVIII– na súa *Crónica General de la Orden de San Benito*, a respecto dun documento de fundación do mosteiro de Santa María de Montederramo aló por 1124. Sobre a autenticidade do diploma e a correcta tradución seguen as investigacións dos especialistas. O certo é que a expresión acadou éxito, quizais entre outras circunstancias, porque designa acertadamente unha realidade que se caracteriza pola impresionante paisaxe natural das ribeiras e a concentración de ermitáns e cenobios. Esta comarca espiritual xa fora motivo de atención no século XVI cando o Licenciado Molina cita algúns mosteiros na súa *Descripción del Reyno de Galizia y de las cosas notables dél*, e na viaxe realizada por Ambrosio Morales respondendo a un encargo de Filipe II. Tamén o ilustrado Frei Martiño Sarmiento dedicou atención a algunhas casas na súa viaxe galega.

#ribeiracomotelaasa

Haberá que agardar até o século XX para que rexurda a investigación e o interese pola argumentada Ribeira Sacra. Á calor destes estudos e dunha demanda social vense de producir unha toma de conciencia sobre o valor orixinal da zona, así como unha serie de iniciativas para recuperala do esquecemento e convertela en patrimonio de todos. A recente declaración como "Itinerario Cultural Europeo" polo Consello de Europa é un paso importante co obxectivo de acadar a máxima protección que concede a UNESCO baixo a denominación de "patrimonio da humanidade". Os gobernos e dióceses responsábeis deben garantir a conservación e difusión de tan valioso patrimonio.

Primeira Parte

#baíaconnósnacasa

1. Xeografía

▶ 1.1

Un espazo físico orixinal. Os canóns

A contemplación do espazo actual dos canóns trae a reflexión sobre un proceso xeolóxico que cómpre entender. O medio físico orixinal condicionou os habitantes que percibiron a excepcionalidade xeográfica propiciando unha relación específica coa natureza que culmina na súa sacralización.

A orixinalidade deses relevos no territorio é patente. O Miño e Sil encaixan neste treito dunha maneira esaxerada. Nos seus cursos altos, até chegar a esta zona, ambos circulan polas chairas luguesa e berciana

O canón do Sil desde o Miradoiro de Vilouxe.

#b... connosnacasa

respectivamente. Para comprender o proceso pártese das fases máis primitivas da formación do territorio, no período arcaico. Todas as formas de relevo que existían foron erosionadas e arrasadas durante a era secundaria e a paisaxe queda dominada polas estruturas de chaira con potentes xacementos sedimentarios acumulados polas derrubas transportadas. Sobre eles circulan os cursos de auga dos ríos Miño e Sil. A estrutura viuse afectada na era terciaria con novos movementos tectónicos. Os vellos materiais da era primaria coas súas coberturas sedimentarias comezan a rachar dando lugar a paisaxes elevadas e afundidas en función do proceso concreto. No caso do noroeste peninsular, o vello macizo herciniano de materiais duros fracciona en bloques de superficies aplanadas, "horst", a diferentes alturas. Xorde a elevación da penechaira de Chantada e o afundimento da depresión de Lemos.

Nesas circunstancias as correntes de auga procuran o camiño máis doado ás áreas deprimidas. Pero o Miño comeza a tallar sobre a chaira chantadina que se está a erguer por causa dos movementos tectónicos nun proceso de duración xeolóxica. Este proceso é por "antecedencia", é dicir, o río circula previo á transformación da paisaxe e para manter a súa inicial traza corta o relevo que está a sufrir o movemento. O caso do Cabe é similar, e na medida en que a chaira de Lemos deprime, o río procura manter a súa saída natural comezando a esculpir os bordes elevados para xerar o seu canón. O Sil aproveita as faias que conforman o territorio acomodando o seu curso a tal fenómeno. O resultado son canóns aínda máis espectaculares acadando 500 metros de desnivel e pendentes superiores ao 70%.

Todos os arroios, afluentes do Miño e Sil, vense entón na obriga de trazar camiños que se adapten ás novas circunstancias. Ascendido o territorio, os cursos de auga pretenden seguir fluíndo por onde sempre o fixeran. Comezan a traballar a superficie xerando cavorcos, barrancos e, sobre todo, infinidade de fervenzas e remansos. A paisaxe contrasta sobre maneira e xorden as esquinas, os agochos, os vales colgados que xeran poliédricas visións sobre o espazo. O conxunto que comprende a Ribeira Sacra fica formado polos canóns principais do Miño e o Sil, ao que se engaden os canóns secundarios do Cabe e do Búbal, ademais de cavorcos non menos espectaculares como o do Mao e infinidade de fervenzas que regan a comarca naturalmente conformada arredor dos grandes ríos.

O caudal de cada un dos cursos de auga confirma o falar popular que argumenta que "o Sil leva a auga e o Miño a fama". Así, o primeiro

#LibrosComunidadCasa

achega na desembocadura uns 184m^3/sg, case o dobre do outro. O Cabe 9,3 m^3/sg, e o Búbal 1,5m^3/sg. O fenómeno dos canóns foi aproveitado para a construción de encoros dedicados á produción hidroeléctrica. No treito do Miño están localizados, ao norte, o de Belesar, levantado en 1963, acumula 654,5 hm^3 nunha lonxitude de 50 quilómetros de cola até cerca de Portomarín. Acada unha potencia de 22 MW e unha produción anual media de 737 GWh; e ao sur, o de Peares, erixido no ano 1955, con 182 hm^3 de auga en 20 quilómetros até a vila de Belesar, cunha potencia de 159 MW e unha produción de 567 GWh. No treito do Sil destaca sobre o pequeno encoro de San Pedro de Pombeiro, inmediato á desembocadura no Miño, o de Santo Estevo con 194,8 millóns de m^3 e unha produción de máis de 1000 millóns de kWh.

A chaira non preludia a magnitude daqueles accidentes xeográficos. A impresión é sempre inmensa e a dimensión humana como referencia física do existente, queda empequenecida diante daquel traballo da natureza. Xorde a sensación de acceder ás entrañas da terra, de baixar á cerna dun traballo xeolóxico de perforación realizado polos cursos da auga. O nivel orixinal do territorio permanece arriba, nas chairas circundantes. O traballo continúa. A auga segue a abrollar, a

O canón do Miño.

saltar e modelar paisaxes posíbeis. A cada ano unha maneira, un matiz. Esta terra ten vida.

> “(...)Vía o sol saír detrás das montañas cubertas de bosques e desaparecer ao lonxe, detrás das palmeiras da beiramar. De noite, vía a orde das estrelas no ceo e a lúa, cal un bote, flotar sobre o azul. Vía árbores, estrelas, animais, nubes, arcos da vella, rochas, herbas, flores, regatos e ríos o escintileo do orballo matutino nas silvas, o azul pálido das remotas altas montañas; os paxaros cantaban e máis as abellas e o vento movía os prateados arrozais. Todo isto, de mil formas diversas, sempre existira: sempre brillaran o sol e a lúa, sempre murmuraran os ríos e zumbaran as abellas...

▶ 1.2

A excepción climática. Alento mediterráneo no Atlántico

O fenómeno físico dos canóns xera por si mesmo un ámbito que modifica as características climáticas circundantes. Asemade, a particularidade da situación meridional, comunicada coa área bioclimática mediterránea do interior da Península Ibérica, remata de personalizar á comarca.

Galicia desenvólvese nos parámetros climáticos do Atlántico. Suavidade de temperaturas ao longo do ano, sen diferenzas acusadas entre estacións e pluviosidade xeneralizada con maior intensidade durante o inverno. A situación meridional do país achega certos trazos ao ámbito do mediterráneo que provocan diferenzas entre o norte e sur galaico, sobre todo no verán.

No interior, as montañas da Dorsal Galega modifican a influencia atlántica co resultado dunhas menores precipitacións e un maior contraste das temperaturas nun fenómeno de continentalidade que actúa sobre as provincias orientais. A temperatura media anual pode acadar os 14º C e as precipitacións totais pode descender até os 700-600 mm ao ano, mentres que os valores de referencia para o Atlántico flutúan entre 10º-14º C e 1500-2000 mm de precipitacións. Ademais, en verán as medias poden superar os 20º C, mentres que no inverno acadan os 8-10º C, evidenciando unha forte oscilación térmica anual, que nas

#paracomósmacasa



Zonas climáticas de Galicia (fonte: R.G. Romaní Barrientos).

máximas e mínimas absolutas pode rexistrar valores de 40º C ou –5º C respectivamente. A degradación climática resulta máis evidente nos canóns, modificando os valores concretos en función da súa orientación ao norte ou ao sur, umbrías e solainas, coas infinitas posibilidades na exposición con respecto ao sol ao longo do ano. Nese sentido tamén hai que argumentar o efecto dos encoros para a produción hidroeléctrica construídos na década dos 50 e 60 do pasado século e a influencia no clima local. A acumulación e estancamento da auga tivo unhas consecuencias termais no entorno con efectos engadidos como as néboas e inversións térmicas aínda non valoradas en toda a súa magnitude. As zonas microclimáticas son abundantes e remarcan a variedade natural.

O Sil, que nace en terras do Bierzo, actúa como un corredor natural para a penetración do alento mediterráneo no ámbito atlántico. En conxunto, o resultado son invernos menos chuviosos e máis tépedos que as zonas circundantes e veráns que tenden a unha marcada aridez

#Galicconmónsenacesa

con temperaturas elevadas. As estacións equinocciais presentan certas particularidades: outonos e primaveras suaves e máis prolongados na súa duración.

Degradación atlántica, continentalidade e influencia mediterránea dotan ao espazo dos canóns de personalidade paisaxística contrastada e valorada polos habitantes, que descubriron as posibilidades bioclimáticas da zona en forma de cultivos orixinais, e polos monxes, que dotaron de sentido transcendente a terra percibindo manifestacións divinas.

> "... Agora pola contra, os seus ollos liberados vivían deste lado, vían e recoñecían o visíbel, buscaban o seu sitio neste mundo (...). Fermoso era o mundo ao miralo así, de maneira sinxela e inxenua, sen buscar. Fermosos eran os astros e a lúa, fermosos os regatos e as súas beiras, bosques e rochas, cabras e escaravellos, flores e bolboretas. Era fermoso e agradábel percorrer o mundo así, de xeito tan inxenuo, tan esperto, tan aberto fronte ás cousas próximas, sen receos de ningún tipo...

▶ 1.3

A flora e a fauna. Riqueza conservada

Os parámetros bioclimáticos son ambiguos e, polo tanto, variados e ricos. É salientábel a combinación das paisaxes atlántica e mediterránea, predominando unha ou outra en función da localización e orientación. O accidentado territorio facilitou a constitución dun espazo ecolóxico menos danado pola protección que proporcionan os canóns ás especies animais e vexetais.

No territorio do Miño sobreviven mestos bosques autóctonos de carballos e castiñeiros, ademais do piñeiro bravo e de repoboación, o sanguiño e as sobreiras. A degradación atlántica é patente canto máis ao sur, onde asoma o alento mediterráneo. Nas beiras dos ríos abundan as especies rupícolas en freixos, ameneiros, salgueiros e bidueiros. O monte baixo está caracterizado pola presenza de toxos, uces, carqueixas e queirugas. No curso do Sil e Cabe o influxo mediterráneo percorre os canóns nos que se evidencian contrastes marcados entre as ladeiras orientadas ao sur, solainas, caracterizadas pola riqueza de

#naconnósnatura

sobreiras, aciñeiras e érbedos, mentres que nas ladeiras orientadas ao norte, umbrías, as especies citadas conviven coas atlánticas conformando estampas microclimáticas únicas na propia coexistencia. As especies aromáticas mediterráneas como tomiño, romeu, xarxa, ourego, loureiro ou anís inzan por calquera lugar, sendo secularmente aproveitadas polos habitantes na arte culinaria e na medicina tradicional.

O efecto físico do canón, coa dificultade nos tramos máis abruptos, evitou a intensa intervención humana sobre o territorio. Así, os bosques autóctonos e as matas de vexetación en estado natural presentan mellor conservación, reforzando a sensación de natureza en estado puro, non tocada nin alterada nunha feracidade vexetal de illa que resiste no medio dunha rexión circundante fortemente transformada.

Este refuxio ecolóxico inclúe as especies animais. Nos ríos abundaba a troita, a anguía e o escalo até que a construción dos encoros eivou a migración natural das especies fluviais. Fascina a fartura de réptiles que asoman cando o sol comeza a quentar o suficiente para activar o sangue frío. Coas primeiras chuvias despois da canícula estival, os anfibios enchen os camiños en variedade multicolor. As aves alzan na

O souto de Pesqueiras.

sorpresa de calquera paseo pola redonda, xa sexan de rapina, como o nocturno bufo, o miñato cazador, a aguia e o lagarteiro, ou acuáticas, como as elegantes garzas, os lavancos reais xunto ao ruidoso parrulo. Tamén os pequenos mamíferos que acochan na tapada dos bosques descubertos no rubir do esquío na procura das landras, do raposo cazador e outros como o teixugo, o furón, e tamén a donicela e a garduña. Dos grandes mamíferos destaca o porco bravo, o corzo, o gato bravo ou o lobo.

Compróbase a conservación dunha fauna que debeu de ser común a todo o territorio en épocas non tan remotas, incluso coa existencia de osos, tal como certifican o *Libro da Montería de Afonso XI* –que recollía as destrezas da caza por aqueles tempos–, así como as alvarizas circulares de pedra edificadas para evitar que aquel animal destruíse coa gula famenta as colmeas do mel. Marabilla a facilidade con que a fauna se manifesta dunha maneira espontánea, podendo escoitar o fuxir do raposo, ver a saída do corzo ou albiscar o levantamento dun miñato. Só hai que agardar pola sorpresa desta natureza ambigua, variada e rica na que se intúe a posibilidade dun pequeno paraíso pechado e vizoso de todas as especies.

> "... O sol ardía na cabeza doutra forma, a sombra do bosque refrescaba doutro modo, diferente era o sabor da auga do regato e da cisterna, da cabaza e da banana. Os días eran curtos, as noites eran curtas, cada hora fuxía coa velocidade dunha vela sobre o mar, e debaixo da vela un barco cheo de tesouros e ledicias. (...) Todo isto sempre existira e Siddhartha non o percibira; todo seguira o seu curso sen el. Mais agora si que estaba el e formaba parte de todo iso".
>
> Hermann Hesse. *Siddhartha*

#baixaomosPaisa

▶ 1.4

O viño das Ribeiras. Troito sagrado

A orixinalidade física cun relevo caracterizado pola presenza dos canóns xunto aos específicos parámetros climáticos propiciou o desenvolvemento dun particular aproveitamento agrícola: a viticultura, definida polo cultivo en socalcos da uva de tradición mediterránea que remata a personalidade paisaxística das ribeiras.

Zonas vinícolas da Denominación de Orixe "Ribeira Sacra".

Sobre a introdución da vide na comarca habería que remontarse á conquista romana naquela Gallaecia primitiva. Mantense a hipótese do cultivo e recolleita nos socalcos de Amandi de caldos que viaxarían até a mesma capital do Imperio, como tamén fixeron anguías, lampreas e outros manxares destas exóticas terras a ollos romanos. O transporte ficaba facilitado pola rede de calzadas que comunicaban o noroeste peninsular. A variedade orixinal de uva, *Vitis silvestris*, sería introducida probabelmente por lexionarios licenciados das tropas romanas que, tras das campañas guerreiras, recibirían terras como pagamento dos servizos. Resulta probábel a extensión deste cultivo sobre todo a partir da derrogación, en 272 d C, do decreto "*De exindendis vineis*" que prohibía a produción de viño fóra de Italia desde que fora promulgado por Diocleciano en 82 d C. Tamén se argumenta a técnica de cultivo implantada, consistente na elevada densidade de plantación con vides de pequeno tamaño, procurando a proximidade ao chan para aproveitar mellor a calor da terra. Este sistema tería unha orixe mediterránea delimitada no ámbito asiático-grego.

No mundo clásico, o consumo ritual estaba asociado ás festas dionisíacas que alentaban os tránsitos místicos asociados a aquela divinda-

Ribeiranonósnacasa

de. A arte rexistra a presenza da escultura do deus do viño –Dioniso– acompañado de Ampelos –o sátiro–, termando da súa ebriedade, no Museo Provincial de Ourense cun tratamento artístico refinado propio dunha peza de importación. No Museo Arqueolóxico de Vigo, o material granítico da estela funeraria na que aparece, eiva o virtuosismo pero gaña en expresión. Aquí, ademais consérvase unha coleción de ánforas utilizadas para a súa comercialización marítima.

Pero a gran expansión do viñedo realízase nas colonizacións monásticas medievais coa profusión de cenobios propietarios que arrendaron as terras aos campesiños atraídos polas posibilidades económicas dun cultivo de alto valor engadido e orientación comercial evidente. O viño supera as limitacións do seu escaso sustento alimentario coas ganancias obtidas da súa comercialización como produto agrario de luxo nas feiras e cidades nunha fase expansiva, os séculos XII e XIII, que aseguran a viabilidade económica. Ademais porta o valor simbólico-relixioso de ser o caldo propio da liturxia cristiá utilizado na transfiguración en sangue, como o pan en carne do Señor, polo que as fundacións relixiosas sempre se aseguraron a posesión do prezado líquido, asemade formar, xunto co trigo e a oliva, a "tríade agraria mediterránea" introducida no propio proceso de romanización como síntoma de civilización. Os diferentes lugares que recollen o topónimo de "Galegos" corroboran esa colonización de longa e frutífera duración que transformou a paisaxe nas zonas máis aptas para a obtención do mosto fermentado nas adegas da comarca.

> "Creemos unha medida de viño para abastar cada día a cada un. (...) E se a necesidade do lugar ou o traballo, ou o ardor do verán, máis demande, quede en albedrío do maior, o cal mire sobre todas as cousas que non se sobre pase o exceso de comer e de beber. E a pesar de que o viño non ser propio dos monxes, pero nos nosos tempos isto non pode ser privado aos monxes, consintámolo pero non bebamos até a fartura, senón de xeito temperado, pois o viño aínda aos sabios fai tornar atrás".
>
> San Bieito de Nursia. *"Regra"*, da medida do beber

Non se pode comprender o cultivo da vide sen os particulares trazos climáticos expostos e que explican o ambiente contrastado e seco cunha forte insolación imprescindíbeis para o seu desenvolvemento. En xeral, esta presenta unha localización meridional na Galicia atlántica, condicionada polos factores limitadores. A peculiaridade física

#baixaconmisabores

Outono nas ribeiras de Chantada.

tamén influíu unha paisaxe humanizada elaborada ao longo dos séculos a pesar das dificultades. Non só se construíron as "muras" para agarrar a terra, ademais houbo que "crear" o solo coa mestura do sábrego da rocha xunto a toxos e xestas en esterco, achegando materia orgánica que xerou os "solos antrópicos" necesarios. As características ácidas destes confiren aos caldos peculiaridades arredor da lixeireza e intenso aroma.

> "O máis belo templo de comarca é Santo Estevo de Ribas de Miño (...) na impresionante paisaxe das ribeiras encostadas, labradas en socalcos de ricos viñedos. Coroan a costa como sinalando o tránsito á paisaxe de montañas, bosques de castiñeiros. É admirábel o traballo dos labregos transportando a ombreiros a uva até grandes alturas e realizando os traballos sen outro camiño que as escaleiras e rápidos sendeiros que unen as terrazas artificiais. Cromática marabillosa en outono. Non lonxe, igrexas de Diamondi e Santo Estevo de Atán, lembranzas da colonización monástica da Rivoira Sacrata do Miño".
>
> Otero Pedrayo. *Guía de Galicia*

A produción de Ribeira Sacra resulta, co 5,2% do solo dedicado á vide en Galicia, a denominación máis pequena desenvolvida en 2.500 hectáreas de ribeiras de 30º até 85º de pendente, en 19 municipios cunha colleita que acada os tres millóns de toneladas. "Ribeira Sacra" organízase en cinco zonas: Amandi, Ribeiras do Sil, Quiroga, Ribeiras do Miño e Chantada. Todas elas conforman a denominación de orixe que naceu oficialmente no ano 1996 co afán de mellorar a calidade duns viños que gozan do alcume de "viticultura heroica" pola dificultade engadida do medio físico na que se desenvolve e que os dota de certas sutilezas especialmente valoradas polos especialistas. Co gallo da súa promoción e coñecemento está prevista a apertura dun "Museo do Viño" en Monforte.

Para a elaboración dos brancos está autorizada a uva de tipo Albariño, Godello, Treixadura, Loureira, Dona Branca e Torrontés, co resultado duns viños frescos, co aquel da froita e cun punto de acidez. Os tintos, protagonistas indiscutíbeis da denominación, elabóranse con uva Mencía, Brancellao, Merenzao, así como Garnacha Tintorera, que resultan cunha personalidade señorial marcada no aroma e cor intensa. Na comarca celébranse feiras de exaltación. A Feira do viño de Chantada, celebrada no mes de marzo, é a primeira do ano e dispón o froito das ribeiras do Miño. Quiroga e Amandi celebran a súas respectivas feiras en Semana Santa e presentan os caldos que se producen nas abas do Sil nas súas diferentes zonas. Nestes eventos resulta habitual a degustación doutros produtos tradicionais de tempada entre os que destaca a castaña, o mel e os licores.

En calquera época do ano resulta doado ver nos socalcos un continuado e sacrificado labor que garante os mellores viños na afectividade desenvolvida por uns viticultores que traballan a mesma terra desde remotos tempos co prestixio da tradición, pero incorporando as técnicas que aseguran unha calidade superior. Desde que cae a folla no inverno, comeza un proceso que abrangue podar coa idea de conformar a vide que vai medrando, cavar a terra para aireala, colocar de novo as estacas que guiarán na primavera os brotes atados coa vimbia, para despois sulfatar evitando as pragas que poderían estragar a plantación vizosa durante o verán, á espera dos primeiros amarelos e vermellos que avisan de que o momento da recollida está xa a chegar. A vendima resulta unha festa de soada tradición, celebrada en toda a comarca con paixón ancestral. Existe todo un conxunto de orixinais manifestacións arredor dos traballos agrarios das viñas en utensilios

Ribeiracontinsinalsa

específicos e coa sobranceira mostra das embarcacións tradicionais, de estrutura rectangular e pouco fondas, que facilitaban a estiba da uva. Estes aspectos etnográficos están xa recollidos no Ecomuseo de Arxeriz (na parroquia de Fión, no concello do Saviñao).

Os paseos polas ribeiras serven para comprobar a hospitalidade innata das xentes, que convidan de xeito espontáneo á degustación do viño da casa, como inicio dunha conversa serena, de trazos marcadamente bucólicos provocados polas sutilezas das uvas. O fundador da medicina, Hipócrates, aló polo século IV a C, reflexionaba que "o viño é cousa marabillosamente apropiada para o home na saúde, se é administrado con tino e xusta medida".